

COMUNICADO DE PRENSA

DENUNCIAS FALSAS PLADESEMPEGA

Ante a proliferación de denuncias falsas das que temos constancia que se están remitindo a diferentes medios de comunicación e outras entidades de xeito reiterado tanto no 2013 como neste ano, **vémonos na obriga de emitir este comunicado a efectos de desmentir categoricamente** as falacias, calumnias e inxurias que se están vertendo en relación a nosa Fundación.

En canto ás acusacións que se verten, queremos expor o seguinte:

- ✓ FREMSS foi creada por iniciativa das Asociacións que conforman a sociedade xestora da Lonxa da Coruña LONJA LA CORUÑA, SA tal como consta na súa escritura de constitución (aportamos copia da acta de constitución e a súa posterior modificación). Todas as asociacións están relacionadas coa pesca do porto da Coruña e contan con ampla historia demostrable na defensa dos seus respectivos sectores profesionais.
- ✓ FREMSS é unha fundación creada e rexistrada de acordo coa normativa vixente no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, tal como figura publicado no DOGA.
- ✓ Sobre o uso de fondos públicos, queremos sinalar que a fundación foi creada en base a aportacións única e exclusivamente do sector pesqueiro, que é quen aporta na súa totalidade a dotación inicial para a súa constitución (aportamos copia dos documentos acreditativos de dita aportación que figuran nas propias actas de constitución que aportamos).
- ✓ FREMSS é unha fundación privada do sector pesqueiro e a día de hoxe non recibimos ningunha axuda, subvención ou similar de ningunha institución ou administración, nin para a súa constitución nin para o desenvolvemento do congreso celebrado a que fai alusión unha das múltiples denuncias remitida a vostedes, sen prexuízo de que como toda institución estamos solicitando axudas para os nosos proxectos e actividades.

- ✓ A nosa vontade é a defensa da pesca galega en todos os seus ámbitos e queremos contar coa participación de institucións e administracións, sexan do partido que sexan, así como de entidades autónomas coma a Universidade da Coruña, O Campus do Mar, IEO, etc. xa que consideramos que a unión de sector e administracións e institucións é básica para a consecución dos nosos fins de defensa do sector pesqueiro.
- ✓ As nosas actividades van dende a organización de congresos relacionados co aspecto social e económico do sector pesqueiro e a posta en marcha de estudos ou proxectos en beneficio do sector, tal como sen ten anunciado recentemente na primeira reunión do comité científico desta fundación. FREMSS non marxina a ninguén e convida a participar a todos os partidos políticos e a todo o sector pesqueiro galego, nacional e europeo tal e como se puido comprobar no primeiro congreso que celebramos en Coruña en novembro pasado.
- ✓ Si que é certo que non convidamos a ninguén desa autoproclamada Asociación maioritaria do sector PLADESEMAPESCA, porque entendemos que non podía aportar nada dada a súa escasa representatividade no sector profesional da pesca. O descoñecemento que atesouran os señores que se din representantes desta entidade sobre o sector pesqueiro galego é evidente, por iso entendemos dende a Fundación que había outras entidades e persoas bastante máis cualificadas para invitar a este Congreso.
- ✓ Somo unha fundación do sector e para o sector pesqueiro, non sabemos o que é esta plataforma PLADESEMAPESCA, nós temos claro o que somos e o noso papel e imos participar e colaborar por suposto coa Consellería, coa Alcaldía, coa Universidade, cos sindicatos e con todos aqueles que podan aportar algo. Lamentablemente este señores de PLADESEMAPESCA non aportan nin poden aportar nada, son uns perfectos descoñecidos no porto da Coruña e a súa implicación nos problemas cotiáns do sector é un feito.
- ✓ Estamos a falar duns señores que con falacias, inxurias graves e calumnias sen fundamento, tentan pór dificultades a esta iniciativa do sector pesqueiro coruñés. Uns señores que non merecerían a máis mínima atención en condicións normais, pero que buscan un protagonismo mediático que apenas conseguen pero que

entendemos como un ataque gratuito, reiterado e carente de calquera tipo de fundamento, motivo polo cal imos proceder á presentación da correspondente denuncia no xulgado por calumnias e injurias a esta Fundación.

- ✓ Lamentamos que cos problemas que temos enriba da mesa o sector pesqueiro teñamos tamén que dedicarnos a desenmascarar e poñer no seu sitio a estes mesías que dedican o seu tempo e enerxías a amolar aos que tentamos traballar en prol do sector. Aínda así entendemos necesario defender a reputación e honestidade da Fundación e da xente implicada neste proxecto tan ilusionante, así como pór límites a plataformas e individuos como os representantes desta plataforma que matan o seu tempo especulando e montando películas de terror que nin eles mesmos son capaces de crer.
- ✓ Por último lamentamos que se vexa involucrado nesta cruzada de injurias e falacias o actual Secretario de Medio Rural e Medio Mariño, Alfonso García Magariños, ao que lle atribúen a creación dun entramado cuasimafioso a través da nosa Fundación da que por certo nin sequera forma parte, e de cuxa creación por suposto non tomou parte (os documentos que adxuntamos evidencian as falacias e mentiras en que se basea esta denuncia), en fin que é tal o esperpento da denuncia que nin sequera cando se acordou a creación de FREMSS polo Consello de Administración de Lonja La Coruña, S.A. o 21 de novembro do 2012, nin cando foi Constituída o 30 de xaneiro do 2013, o actual Secretario de Medio Rural e Medio Mariño non desempeñaba ningún cargo na Consellería.

Saúdos,

Padroado da Fundación FREMMS.

Persoa de contacto: Torcuato Teixeira Valoria, Secretario e Portavoz de FREMSS

649980629

